

## ORDENANZA FISCAL NÚM. 18

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE APARCADOIRO NA VÍA PÚBLICA

#### **Artigo 1º. - Fundamento e natureza.**

Ó amparo do previsto nos artigos 57 e 20.3.h) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello establece a "taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de aparcadeiro na vía pública," que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 2º. - Feito impoñible.**

Constitúe o feito impoñible da taxa o aproveitamento especial que ten lugar pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e a reserva de vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercancías de calquer clase, especificado nas tarifas contidas no artigo 6º desta ordenanza.

#### **Artigo 3º. - Suxeito pasivo.**

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, Xeral tributaria, a favor das que se outorguen as licenzas para disfrutar do aproveitamento especial, ou os que se beneficien do aproveitamento, se se procedeu ó disfrute sen a oportuna autorización.

2. Nas taxas establecidas por entradas de vehículos a través das beirarrúas, terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que den acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

#### **Artigo 4º. - Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria no caso de infraccións graves cometidas por persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa competencia, para cumprilas obrigas tributarias infrinxidas, consintan o incumprimento por aqueles que dependen deles ou adopten acordos que fagan posibles as infraccións. Os referidos administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que fosen destituídas nas súas actividades.

4. Os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, serán responsables subsidiarios cando por mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias producidas con anterioridade ás referidas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

#### **Artigo 5º. - Beneficios fiscais.**

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pagamento da taxa cando solicitaren licenza para disfrutar dos aproveitamentos especiais referidos no artigo 2º desta ordenanza, sempre que sexan necesarios para os servicios públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

2. Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

#### **Artigo 6º. - Cota tributaria.**

1. A contía da taxa determinarase consonte ás tarifas contidas no apartado seguinte.

2. Tarifas:

- Garaxes de vivendas unifamiliares: 10 €ó ano por cada metro lineal ou fracción.
- Garaxes e aparcamentos de vivendas plurifamiliares: 40 €ó ano por cada metro lineal ou fracción.
- Reserva de vía pública para carga ou descarga: 30 €ó ano por cada metro lineal ou fracción.
- Placa de sinalización 30 €por unidade.
- Reservas de espazo de carácter temporal para diversas actividades de construción, comercio, industria, servicios e subministración: 2 €ó día por metro lineal.

#### **Artigo 7º. - Devengo.**

A taxa regulada nesta ordenanza devengarase:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento do outorgamento da concesión.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizadas e prorrogadas, o día primeiro de cada ano natural.

#### **Artigo 8. Normas de xestión.**

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza, formulando declaración na que conste a superficie de aproveitamento, achegando un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Concello.

2. As licenzas serán concedidas pola Alcaldía discrecionalmente e sen prexuízo de terceiro. No acordo de autorización fixarase o prazo de duración da mesma, unha vez rematado ó interesado deberá suprimi-lo aproveitamento, agás cando por causa xustificada alegada por este a ocupación tivese que seguir por mais tempo do sinalado na autorización, suposto que requirirá a aprobación da Alcaldía.

3. A licenza poderá ser revogada polo uso indebido, cambio de circunstancias da concesión ou, en xeral, por incumprimento de calquera das obrigas impostas nesta ordenanza.

4. Salvo que no acordo de autorización se dispoña outra cousa, a autorización entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, agás que a falta de pagamento da taxa implicara a caducidade da autorización. A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte o da súa presentación.

5. Non se permitirá a ocupación da vía pública ata que sexa ingresado o importe da taxa e fose concedida a autorización.

#### **Artigo 9º. - Réxime de declaración e ingreso.**

1. As cantidades esixibles con arreglo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado.

2. O ingreso da taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, o solicitante presentará a declaración-liquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota tributaria ó mesmo tempo que efectúe a correspondente solicitude.

b) Tratándose de concesións de aproveitamento xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns e matrículas desta taxa, por anos naturais no lugar e forma que se determine.

**Artigo 10º. - Notificacións das taxas.**

1. En supostos de aproveitamentos especiais continuados, a taxa que ten carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no tablón de anuncios do concello.

2. Ó amparo do previsto na disposición transitoria segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico reguladas nesta ordenanza non están suxeitas ó requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado ó pagamento do prezo público ó que substitúe.

**Artigo 11º. - Infraccións e sancións.**

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

**Disposición final e única.**

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do concello en sesión celebrada o 26 de outubro de 2005, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

As Somozas, 16 de decembro de 2005.

O alcalde,

Asdo./ Manuel Candocia Ramos